

CIG-SAÚDE informa

COVID-19: ENFERMIDADE PROFESIONAL PARA TOD@S, OU NON?

Segundo a información publicada nos últimos días, hoxe, o consello de Ministros do goberno “progresista” de PSOE e PODEMOS, van acordar o recoñecemento de enfermidade profesional por COVID-19, *so para o “persoal sanitario”, DEIXAN FORA AO PERSOAL NON SANITARIO!*

De ser aprobada esta medida, e con esta limitación, estaríamos ante o descubrimento que fixeron o PSOE e PODEMOS, dunha nova cepa de virus que contaxia por categorías profesionais e non por exposición ao risco.

A aplicación disto sería que un/ha celador/a con prestación na UCI durante toda a pandemia da COVID-19, se resultase contaxiado, tería que reclamar por vía xudicial o recoñecemento da enfermidade profesional, con independencia das secuelas que a COVID-19 puido causar na súa saúde.

Desde CIG-SAÚDE imos estar vixiantes da norma que se aprobe no día de hoxe. Se a norma se publica con esta discriminación, imos iniciar de inmediato todas as medidas que teñamos ao noso alcance para que esta norma non se aplique de xeito discriminatorio.

Desde **CIG-SAÚDE** vimos exixindo desde o inicio da pandemia, o recoñecemento de enfermidade profesional para **todo o persoal que traballe na sanidade**: sanitario e non sanitario!

Agardemos que o decreto que hoxe publiquen teña que ir a validación ao parlamento español; CIG-Saúde, a través do BNG, imos intentar que este decreto non teña os apoios necesarios no parlamento.

Tamén imos contactar co resto de sindicatos nacionalistas para facer unha fronte común contra isto.

Se a fórmula que emprega o goberno é a de decreto exprés, que non necesita validación, buscaríamos as impugnacións xurídicas que procedan.

Entre todas e todos isto témolo que parar!

